



atópase o *Pazo de Nelle*, a *Casona de verán dos Pita Romero* e o *Pazo Libunca*. Especial mención merece o terceiro por ser un dos edificios máis emblemáticos da cidade, esta construción de estilo modernista destaca pola orixinalidade da súa decoración con cerámica levantina e os seus enreixados de ferro. O seu pórtico loce columnas neoclásicas e o seu encanto



non só reside na beleza do seu estilo arquitectónico se non que ademáis se ve rodeado dun paraíso de cores nos seus xardíns, árbores centenarios, estanques e fontes completan o conxunto. Este pazo, hoxe convertido en hotel de catro estrelas, foi construído polos Montenegro no ano 1918.

Para a próxima parada deberemos situarnos na Estrada C-546, Ferrol-Valdoviño por Meirás, á altura do noso paso pola parroquia do Val atopamos sinalizado o desvío que nos conduce a través dunha pista ao *Convento de Baltar*, situado a 600 metros aproximadamente. Aínda que reconvertido en convento claretiano en 1914, nos seus inicios este pazo foi construído no século XVI para o goce dos marqueses de Lago-San Sadurniño, cuxos herdeiros doárono aos Misioneiros Claretianos en 1910. En derradeiro lugar e non por iso menos espectacular, de regreso pola estrada C-646 en dirección a Ferrol, deixando atrás as instalacións militares, podemos ver a man esquerda o pazo do *Muíño do Vento*, chama a nosa atención o muíño circular dentro dunha construción amurallada e o palomar. Este interesante edificio conserva a escalinata de pedra xunto cunha chimenea típica.